



## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA EP-8401 AO SEU PASO POLO TREITO DA BRAGADA

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Segundo datos feitos públicos polo propio Concello de Cuntis, e recollidos nalgún medio de comunicación, o vial que transcorre entre Portela e Souto de Veá (EP-8401) soporta diariamente unha intensidade de tráfico de 2800 vehículos, dos cales 250 son pesados. É significativo o incremento deste tipo de vehículos, que empregan esta ruta como alternativa á N-550 e á autoestrada AP-9 e ás súas carísimas peaxes. Ademais, é empregada diariamente por numerosos/as veciños/as de Cuntis como ruta habitual para desprazarse a Santiago de Compostela ou á súa contorna, tanto por motivos de traballo, de estudo ou de cuestións persoais.

O vial EP-8401, que é de titularidade provincial e ten unha lonxitude de 6'77 km, foi reformado no ano 2013 por un importe de case 900.000 €. O proxecto non incluíu intervencións sobre a perigosidade do treito da Bragada, que é o que presenta maior número de incidencias de tráfico e o que se atopa en territorio do municipio de Cuntis. Nas últimas semanas producíronse varios accidentes de circulación neste treito e incrementouse a preocupación dos veciños/as de Cuntis pola perigosidade deste vial, especialmente por parte dos/das usuarios/as que cada día transitan por el.

A urxencia da reforma deste treito supón unha necesidade en materia de seguridade vial, independentemente de quen ostente o goberno provincial e da intensidade das reclamacións dos alcaldes dos concellos de Cuntis e A Estrada en cada momento. Por riba de consideracións partidistas, esta materia debe ser prioritaria.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

1. Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Deputación de Pontevedra e ao responsable da área de Infraestruturas



2. Instar ao Goberno Municipal a que, en representación do conxunto da Corporación de Cuntis, esixa ante a Deputación de Pontevedra (como administración titular e responsable do mantemento) os investimentos e as actuacións precisas para a mellora da seguridade vial no treito da Bragada (EP-8401) e a diminución da perigosidade e, en consecuencia, dos accidentes de tráfico.

Cuntis, 26 de setembro de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López